

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
do 26 de xaneiro de 2017
ACTA Nº 2/2017

Na Casa do Concello de Muros, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e seis de xaneiro do ano dous mil dezasete, reúnese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria da sesión ordinaria.

PERSOAS ASISTENTES

Alcaldesa: D^a María Xosé Alfonso Torres

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández

D. José Antonio Uhía Martínez

D^a María Inés Monteagudo Romero

D. José Vázquez Rama

D^a Alianza Uhía Patiño

D. José Ángel Hermida Simil

D^a Caridad González Cerviño

D^a Sandra Maneiro Pais

D. Enrique Riomayor Caamaño

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro

D. Manuel María García Fernández

D^a Paula Simal Mayo

Secretario accidental: D. Ramón Manuel Formoso Fernández, que dá fe do acto.

Orde do día

A. Parte Dispositiva

1 APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES (24/11/2016 e 05/01/2017)

2 COMPATIBILIDADE DO TRABALLADOR ALFONSO PRIEGUE LEIS

3 APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA PLANTILLA DE PERSOAL MUNICIPAL CO OXECTO DE RECLASIFICAR A PRAZA DE TESOURERÍA POR IMPERATIVO LEGAL

4 RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

B. Parte de control dos órganos de goberno

5 MOCIÓNS DE URXENCIA

6 ROGOS E PREGUNTAS

A Sra. alcaldesa dá comezo á sesión ordinaria do Pleno da Corporación de xaneiro de 2017.

A. Parte Dispositiva

1 APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES (24/11/2016 e 05/01/2017)

A Sra. Monteagudo pregunta se as observacións á acta do Pleno do mes de outubro só se recollen na acta do mes de novembro ou se corrixe na propia acta de outubro. Que lle parece un sistema bastante confuso.

O secretario explica que se recollen as puntualizacións na acta seguinte.

En relación á acta do Pleno ordinario de novembro a Sra. Monteagudo di que na páxina 8, liña 6, sóbralle un número á data: 08/047/2016 en vez de 08/07/2016.

Sobre a acta da sesión extraordinaria do 5 de xaneiro, a Sra. Monteagudo di que falta na parte da súa intervención, despois do punto e seguido, a frase: *xa que o prazo de exposición rematou o 29 do doce.*

A Sra. González di que non estiveron presentes nese Pleno nin ela nin o concelleiro Enrique Riomayor Caamaño.

A Sra. alcaldesa procede á votación por separado.

Votación da acta 24/11/2016: Unanimidade.

A Sra. Monteagudo di que o Sr. Riomayor Caamaño tampouco estaba presente no Pleno de novembro e este cambia o seu voto por abstención.

A acta do Pleno ordinario do 24/11/2016 queda aprobada por doce votos a favor e unha abstención do concelleiro Sr. Riomayor Caamaño.

Votación da acta 05/01/2017: 10 votos a favor e 3 abstencións dos/as concelleiros/as ausentes nesa sesión, a Sra. González Cerviño, o Sr. Riomayor Caamaño e a Sra. Uhía Patiño.

A acta do Pleno extraordinario do 05/01/2017 queda aprobada por dez votos a favor e tres abstencións.

2 COMPATIBILIDADE DO TRABALLADOR ALFONSO PRIEGUE LEIS

A Sra. alcaldesa explica que o traballador Alfonso Priegue Leis solicitou a compatibilidade para facer actividades de formación e servizos náuticos, navais e industriais e a proposta da Alcaldía é recoñecerlle ao traballador Alfonso Priegue Leis a compatibilidade para o exercicio desta actividade, por entender que se cumpren os requisitos legais esixidos a tales efectos e tendo en conta que non interfere para nada no seu traballo como traballador municipal.

A Sra. Monteagudo di que tiñan unha corrección porque o informe de Intervención facía referencia á traballadora Tamara Sande, pero xa se rectificou por parte de Intervención, polo que non teñen nada que dicir.

A Sra. González di que saben que é práctica habitual dar a compatibilidade a todo o mundo que a pide menos a ela que se lle declarou a incompatibilidade.

Que non teñen nada en contra de declarar compatibilidades (que cando gobernaron xa declararon máis, entre elas a do Sr. secretario) pero que votan de menos no informe de Intervención que algo ten que dicir con respecto aos salarios porque é

unha esixencia da lei. Que ten que haber unha relación entre o salario que vai cobrar no outro traballo con respecto ao salario que cobra neste.

Que pensan que se alguén pide unha nulidade, que si vai habela porque falta o informe de Intervención, nin na súa solicitude fai mención algunha ao salario que vai cobrar e anuncia que o seu grupo se vai abster.

Que non teñen ningún inconveniente en que se declare a compatibilidade pero que hai un defecto de forma importante.

O Sr. García di que xa manifestaron que están a favor e que queren desexarlle moito éxito ao traballador na súa nova aventura profesional.

A Sra. alcaldesa di que o seu grupo non ten ningún problema en recoñecerlle a compatibilidade porque non interfere para nada.

Votación: 5 votos a favor (3 CxG e 2 BNG) e 8 abstencións (4 PP e 4 PSdeG-PSOSE).

Acordo:

O Pleno da Corporación de acordo co disposto no parágrafo 2º do artigo 14 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, concede ao traballador do Concello de Muros, D. Alfonso Priegue Leis, a compatibilidade para o exercicio da actividade de formación e servizos náuticos, navais e industriais, sen menoscabo do estrito cumprimento dos deberes que ten como traballador do Concello, e así mesmo o desempeño do segundo posto de traballo no sector privado, en ningún caso poderá supor modificar as condicións de xornada e horario de traballo neste Concello.

3 APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL MUNICIPAL CO OBXECTO DE RECLASIFICAR A PRAZA DE TESOURERÍA POR IMPERATIVO LEGAL

A Sra. alcaldesa explica que se trata dun acordo para cumprir a Lei 27/2013 pola cal a partir do 1 de xaneiro de 2017 as prazas de Tesourería teñen que ser ocupadas por persoas con habilitación de carácter nacional.

Que o que traen é a reclasificación desa praza, que no caso de Muros xa está creada e dotada orzamentariamente e que o que fan é poñela para ser ocupada por unha persoa con habilitación de carácter nacional.

Que se fai por esixencia da Lei 27/2013 e que non supón ningún prexuízo económico nin persoal pois a tesoureira está xubilada.

Dá paso ás intervencións:

A Sra. Monteagudo di que lle ofrece unha dúbida a proposta que fai a Alcaldía ao Pleno, que pon “manter as retribucións da praza, tendo en conta que o último anexo de persoal aprobado é do 2015 e a Lei de orzamentos xerais do estado para o 2016 aprobou un incremento do 10%”.

A Sra. alcaldesa aclara que hai un erro e debería dicir un 1%.

Continúa a Sra. Monteagudo dicindo que pensan que é unha norma do 2013 polo que xa debería estar resolto pois houbo tempo dabondo para facelo sen chegar a ter que aprobalo fóra de prazo e creándolle ademais un problema ao Concello xa que a propia interventora di que está poñendo reparos a todos os pagos por ese motivo.

Que tamén se puido ter resolto a través do orzamento, que como di o informe do secretario é o documento no que corresponde a aprobación do cadro. Nese orzamento que ía ser para 2016, pero que xa non é, que verán se será para o 2017.

Que despois de deostaren ao goberno socialista, teñen que estar funcionando cos orzamentos que fixo o dito goberno.

A voceira socialista, Sra. González, inicia a súa intervención dicindo que están falando dunha modificación do cadro de persoal e que estas se fan exclusivamente no orzamento e que non se pode facer así como se quere facer agora mesmo.

Que a lei di que orzamento ten que ser un e aprobalo integramente e non se pode aprobar a anaquiños e que neste Concello e con este goberno o único que ven son modificacións puntuais, que a modificación do cadro de persoal debería estar feita no orzamento deste ano. Que tamén ven no resto da documentación que só hai modificacións de partidas, que cambian unhas para un lado e outras para outro e que é debido a que teñen unha incapacidade total para facer o orzamento.

Que é evidente que non lle queda máis remedio que levar esa modificación do cadro de persoal pola modificación da Lei 27/13, que debería ser feito no orzamento e que tamén quere facer constar que hoxe ás tres ou catro da tarde lle mandaron uns informes porque o día da comisión informativa se falou da posibilidade de acumular esa praza á praza da interventora, do que pediu informe. Que como sempre o goberno municipal fai as cousas mal e arrastro.

Que o dito informe di que esa nova regulación da praza de tesoureiro/a pola nova lei que ten que ser cuberto por un/unha habilitado/a nacional se fixo con idea de que foran cubertas pola Deputación e os gobernos superiores, non os gobernos municipais. Que o informe di claramente que é función da Comunidade Autónoma, non do goberno municipal.

Continúa dicindo que como os informes non se len porque cre que non hai interese e que a modificación do cadro de persoal non se leva no orzamento porque non lle tocaron, que efectivamente haberá que cumprir a lei pero que esta non di que teña que ser o Concello o que ten que asumir ese custo e que cren que debería ser a Deputación quen debería asumir o custo de persoal e que ademais deberían estar discutindo, neste momento, o orzamento, do que forma parte o cadro de persoal. Que a maiores tamén botan de menos o traslado desa modificación do cadro de persoal aos/ás representantes dos traballadores, (que se se fixo unha reunión cos/coas representantes non teñen coñecemento) e cren que é un desastre como todo que van levando por cachiños polo que considera que non deben votar a favor a menos que se traia a modificación do orzamento e co traslado aos/ás representantes dos traballadores/as e quer que conste que é competencia autonómica ou das deputacións e que así se debería facer.

Que hai moitos concellos que presentaron reclamacións e están pendentes desa resolución, co cal se aquí se aproba esa modificación e non hai ningunha reclamación despois das publicacións, Muros terá que contar con esa carga e que eles pensan que non, que había que esperar a facer ben o expediente e a levalo coa modificación do orzamento e que por iso van votar en contra.

O Sr. García, do BNG, di que entenden que se trata simplemente dunha modificación a que obriga a lei e que non teñan moito máis que engadir ao respecto.

Na segunda rolda de intervencións, a voceira do PP, a Sra. Monteagudo di que o que non queren e que lles pase como no Concello de Sarria que tivo que suspender pagos por non ter tesoureiro polo que non se van opoñer á aprobación desta modificación pero que tampouco a van apoiar xa que é unha cuestión que está

totalmente fóra de prazo e que demostra unha vez máis que ao goberno lles pilla o touro día si e outro tamén.

Dille á Sra. Alfonso que a cantidade de cuestións que se lle escapan está empezando a ser alarmante. Que acaban de empezar o ano e xa tiveron un Pleno extraordinario para aprobar unha conta xeral, tamén completamente fóra de prazo e que volven levar un asunto de xestión ordinaria, que xa tería que estar solucionado dende hai un ano, tamén fóra de prazo.

A Sra. alcaldesa di que, con respecto ao informe enviado hoxe, que foi solicitado porque na comisión informativa do luns propoñía o Partido Socialista que as funcións de tesourería as acumulara a interventora. Que nese momento lle dixo que non tiña idea de se era posible ou non e que o que fixeron foi preguntar.

Le textualmente o que di o informe no punto cuarto: “a acumulación de funcións de Tesourería ao posto de Intervención non resulta posible, dado que o marco xurídico antes citado establece a obrigatoriedade da sinatura de tres “claveiros” (Ordenador de pagos, interventor e tesoureiro/a) nos movementos de fondos das entidades locais”.

Que tamén tiveron acceso a un informe do Ministerio que di que non é posible acumular na mesma persoa Intervención e Tesourería porque Intervención ten que controlar, fiscalizar o que fai Tesourería e que non é moi lóxico que a mesma persoa se controle a si mesma.

En relación a que sexa a Deputación ou a Comunidade Autónoma quen pague á persoa que ocupe a Tesourería que eles estarían encantados así como estarían encantados de que pagara Secretaría e Intervención que tamén son habilitados de carácter nacional.

Que sexan postos reservados para persoal con habilitación de carácter nacional non quere dicir que lle vaia pagar nin a Deputación nin a Comunidade Autónoma, que lle paga o Concello como ben sabe a voceira socialista, igual que ocorre con Secretaría e Intervención. E que vai pasar igual de todas con Tesourería. E que por certo neste Concello cando houbo tesoureira, sempre se lle pagou.

Explica que precisamente unha das cousas que non cambia é o gasto pois a praza está creada e dotada orzamentariamente polo que non significa ningún incremento económico de gasto en persoal a reclasificación desta praza.

Dille á voceira socialista que está mesturando todo co ánimo de confundir pero que o informe é moi claro e non ten nada que ver co que a Sra. González di e que se pediu precisamente porque estaba propoñendo algo que non pode ser.

Di que deben de ser o primeiro Concello, xunto con Porto do Son, que levan a reclasificación desa praza ou a resolución do problema desta praza de Tesourería.

Que pode ser que sexa tarde pero que son dos primeiros. Que hai un problema que é que moitos concellos están esperando a ver o que fai o goberno do Estado Español, o goberno do PP de Madrid, cos orzamentos e coa problemática que se xerou con ese cambio que propuxeron para esas prazas de Tesourería.

Que eles decidiron non agardar máis. Non agardar polos orzamentos do Estado e resolver o problema que, insiste, non supón ningún prexuízo económico nin para ningunha persoa que estea nesa praza.

Que polo tanto lles pareceu mellor sacar o problema de enriba.

Que se trata de cumprir unha lei e quen queira votar en contra está no seu dereito e que cada un actúe en consecuencia.

Dá paso á votación co seguinte resultado:

A favor: 5 (3 CxG e 2 BNG)

En contra: 4 do PSdeG-PSOE

Abstencións: 4 do PP

O Pleno da Corporación acorda:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do cadro de persoal municipal que ten por obxecto a reclasificación da praza da Tesourería que tiña a cualificación de técnico e por imperativo legal ten que ser desempeñada por un/unha funcionario/a da administración local con habilitación de carácter nacional.

No cadro de persoal actual consta como segue:

Categoría		Denominación posto	Grupo	Prazas cubertas	Prazas vacantes	Total prazas
Administración Xeral	Subescala Técnica	Tesoureira/o Contable	A1	0	1	1

- E tras a modificación que se propón quedaría como segue:

Categoría		Denominación posto	Grupo	Prazas cubertas	Prazas vacantes	Total prazas
Habilitación Nacional		Tesoureira/o	A1	0	1	1

SEGUNDO. Manter as retribucións da praza, tendo en conta que o último anexo de persoal aprobado é do 2015 e a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o 2016 aprobou un incremento do 1%.

No último Anexo de persoal aprobado constan as seguintes retribucións:

I.- ESCALA DE ADMÓN. XERAL

a) Subescala Técnica

POSTO DE TRABALLO	GR	NIVEL	SIT	TR	SALARIO	TRIEN.	PAGAS	C. DEST.	C. ESPEC.
Técnico-Tesoureira	A1	27	V	0	13.308,06	0,00	4.637,74	9.550,20	10.063,92

- E se modificaría quedando redactado como segue, tendo en conta o incremento do 1% da Lei de orzamentos xerais do estado para o 2016:

I.- FUNCIONARIOS DA ADMÓN. LOCAL CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER ESTATAL

POSTO DE TRABALLO	GR	NIVEL	SIT	TR	SALARIO	TRIEN.	PAGAS	C. DEST.	C. ESPEC.
Tesoureira/o	A1	27	V	0	13.441,80	0,00	4.684,14	9.645,72	10.164,60

TERCEIRO. Solicitar á Dirección Xeral de Administración Local que se inicien os trámites para a clasificación da praza de Tesourería desde Concello, como posto reservado a funcionariado da Administración Local, con habilitación de carácter nacional.

CUARTO. Someter o presente acordo á información pública por prazo de quince días mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, durante ese prazo as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar as alegacións e reclamacións que estimen pertinentes. Transcorrido este prazo, se non se presentaron alegacións, entenderase elevado a definitivo este acordo de aprobación inicial.

4 RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Dáse conta ao Pleno dos decretos núm. 814 ao 958 e das actas das Xuntas de Goberno Local, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42 e 43 do 4/11/2019, 10/11/2016, 18/11/2016, 25/11/2016, 30/11/2016, 12/12/2016, 16/12/2016, 27/12/2016 e 30/12/2016.

B Parte de control dos órganos de goberno

5 MOCIÓNS DE URXENCIA

Non hai

6 ROGOS E PREGUNTAS

Rogos e preguntas do Partido Popular:

A Sra. Monteagudo di que o punto de rogos e preguntas é o que trae algo máis de “chicha” aos Plenos porque o resto son cuestións de trámite burocrático ordinario.

Empezan cun rogo. Di que o pasado 17 de xaneiro presentaron no concello unha moción para o seu debate no Pleno na que pedían que se incluíran no POS+ 2017 unha serie de obras, o cemiterio da Atalaia, a praza do Cristo de Tal, os vestiarios e cantina do campo de fútbol Eleuterio Balayo de Muros, un punto de recollida de lixo en Louro, o camiño principal do lugar de Torea, a ordenación da zona do Artón e Alameda en Esteiro, e a recollida de pluviais na estrada da igrexa en Abelleira. A moción presentárona porque consideraron de xustiza que se inclúan as propostas que xa foron aprobadas polo Pleno (como o cemiterio da Atalaia e a praza do Cristo de Tal), ambas as propostas do Partido Popular e outras obras moi necesarias e reiteradamente pedidas.

A Sra. Alfonso non considerou oportuno convocar unha comisión para tratar esa moción, cando é a súa obriga facelo, pero ao recibir outra moción do grupo socialista o día 18 decidiu convocar unha xunta de portavoces para o luns pasado.

Nesa xunta fixeron unha posta en común das mocións presentadas polo grupo popular e o grupo socialista, e as propostas do grupo de goberno. Cren que todos os membros da corporación teñen que ser partícipes desa posta en común, e ademais consideran necesaria para ter claro no que se quedou:

A Sra. alcaldesa foi á reunión sen ningún tipo de informe ou documentación, e a preguntas desta portavoz manifestou que, segundo as bases da convocatoria,

aproximadamente 100.000 € terían que destinarse a pago a provedores, uns 80.000 € a gasto corrente, para manter os programas que antes financiaba a Deputación e que agora vai eliminar (envellecemento activo...), e uns 85.000 € a amortización de débeda. Estes tres conceptos supoñen en total 265.000 € dos 753.390 €, polo que a cantidade dispoñible para proxectos serían 488.390 €.

A achega da Deputación para plans a concellos para este exercicio 2017 sofre unha importante redución, xa que os tres programas que inclúe esta convocatoria sumaron no ano pasado algo máis de 800.000 €, e a maiores vanse suprimir ata once liñas de subvención para concellos.

En canto á priorización das obras a realizar quedaron nas seguintes:

- 1.- A praza do Cristo de Tal. Retirada do palco e acondicionamento do espazo. Proposta súa xa aprobada en Pleno.
- 2.- Vestiarios e cantina do campo de fútbol Eleuterio Balayo en Muros. Proposta do grupo popular.
- 3.- Acondicionamento do cemiterio da Atalaia en Muros. Proposta nosa que xa se aprobara en Pleno
- 4.- Chalón en Muros.
- 5.- Ordenación e infraestruturas da zona do Artón ata a Alameda en Esteiro. Proposta nosa completada polo equipo de goberno
- 6.- Reforzo do cadro de axuda a domicilio. Proposta do PSOE.
- 7.- Plan de camiños: un plan de camiños no que se incluíría, segundo dispoñibilidade económica e viabilidade técnica, os seguintes: camiño principal do lugar de Torea, camiño da Cruz da Pedra, A Gardiña, camiño principal do lugar de Baño, acceso ao colexio de Louro, camiño da igrexa de Abelleira, Vistavós, A Moreira, O Vilar e Tras da Costa.

Trataron tamén outros temas, que formulou o portavoz do BNG, como a necesidade de valorar se hai que facer algunha actuación urxente de reforzo do cine París, e outras cuestións, pero o acordo ao redor destes sete puntos foi o que quedou ben claro.

Din que como as experiencias anteriores que teñen non son boas, houbo no que levan de lexislatura varios asuntos nos que o acordo da corporación foi total, e que tiñan o seu compromiso de cumprirse, como a comisión de seguimento das obras da piscina, que nunca máis se convocou, como o plan de dinamización do casco, que nunca máis se convocou, etc..., róganlle, a Sra. alcaldesa, que cumpra co acordado, que vaia informando a todos os grupos do encaixe destes proxectos na proposta que están elaborando, e que dialogue buscando o ben do Concello. Róganlle que convoque outra xunta de portavoces ou a comisión correspondente para facer o seguimento das propostas, pide que non os volva a defraudar.

Preguntas:

-Entre os decretos do mes de decembro do 2015 viña o de prórroga do orzamento para o ano 2016. Non viron ningún decreto de prórroga dos orzamentos para o exercicio 2017.

-Por que non se achega coa documentación a información rendida ao Ministerio de Facenda correspondente ao 3 trimestre de 2016, e que a Sra. alcaldesa anunciou a *bombo e platillo* na prensa? Por que non se ofrece esa información ao Pleno?

-No Pleno do mes de outubro aprobouse por unanimidade unha moción do grupo popular coa emenda que propuxo o BNG, na que se pedía o peche do patio da escola de San Xosé. A Sra. alcaldesa díxolles que xa se estaba traballando na construción do peche, pero non viron ningún avance. Teñen pensado executar ese acordo unánime?

-Na parroquia de Abelleira non hai ningún paso de peóns, non sería posible solicitar un onde está a parada do bus escolar, fronte ao bar Hórreo?

-Tiveron moitas queixas pola supresión da clase de informática en Esteiro, polo que lles din, a veciñanza pagou a inscrición pero as clases non se reanudaron despois de Nadal. Dende o seu goberno non lle están a dar ningunha solución. Pode dicirnos que é o que pasou e se se van reanudar as clases e cando?

-Cando teñen pensado programar o 2º nivel do curso de lingua de signos? Dixo a Sra. alcaldesa que en canto se reincorporase a normalizadora se ían a poñer con iso, cremos que esa reincorporación xa se produciu. Para cando o curso?

-Hai meses que hai problemas coa iluminación na rúa Paralela ao camiño do convento (Sahorta de Abaixo?), non se poden amañar?

-Hai problemas cos vaos na urbanización Miraflores (vao 192), que fai un *chaflán*, sería preciso pintar unhas liñas amarelas para que non se atranque o paso ao garaxe e aos edificios de atrás. Non se pode facer?

-Cando teñen pensado programar a limpeza dos camiños máis transitados na parroquia de Torea?

-A veciñanza de Serres reclama tamén hai tempo a limpeza de camiños: desde a Rola ao Campo da Torea, o das Barreiras, os Outeiriños... Vai ser posible?

-No Decreto 2016-0887 do 30 de novembro do concelleiro delegado de Facenda aproba o pago de trienios a dúas persoas, e no Decreto 2016-0954 de 30 de decembro da Alcaldía recoñécese a antigüidade a outra traballadora. Por que non se recoñece a antigüidade do resto do persoal que ten dereito?

-Na documentación achegada podemos ver que houbo varias modificacións orzamentarias, nas que se dan de baixa as subvencións para actividades deportivas e culturais, actividades de formación para o fomento do emprego, e atencións asistenciais en asistencia social primaria. Estas modificacións son do 30 de novembro e do 23 de decembro do ano pasado, supoñen que se deben a que non se executaron esas partidas, o mesmo que pasou no exercicio 2015. Por que non se executaron? Como xustifican que precisamente se vexan afectadas as partidas destinadas a formación de persoas paradas e asistencia social?"

A Sra. alcaldesa contesta:

- Con respecto a toda a exposición que fixo sobre as mocións e a xunta de portavoces, di que non está incluída esa moción no Pleno, igual que se incluíron todas ata o momento, porque efectivamente había outra posterior do Partido Socialista e o razoable era falalas entre todos os grupos e acordar unhas obras a incluír neste o Plan POS+.

Que nesa xunta de portavoces xa explicou como funcionaba o plan POS+ e para poder decidir que obras se inclúen hai que saber con que importe se conta.

Que ese plan obrigatoriamente fai que haxa que destinar parte dos cartos a pago a provedores, débeda e gasto corrente.

Que xa manifestou na xunta de portavoces que co gasto corrente o que queren é poder manter a actividade e os investimentos nesas once liñas que suprime a

Deputación de subvencións. Tan importantes como igualdade, envellecemento activo, deporte, cultura, promoción económica, turismo e demais.

Que non ten sentido debater dúas mocións sobre o mesmo asunto de xeito independente cando de todas as hai que ir ao Pleno do POS coas propostas consensuadas. E que iso se fai na xunta de voceiros.

Con respecto a que todos/as concelleiros/as teñen que ter información do que alí se comenta, dan por feito que os/as portavoces se comunican cos/coas seus/súas concelleiros/as e que por tanto que teñen a información.

Que non cre que sexa necesario chamalos a un a un porque para iso existe a xunta de voceiros, para que sexa máis áxil.

Que cando convocaron a xunta de voceiros xa estaban traballando nalgúns dos proxectos porque efectivamente xa estaban aprobadas no Pleno e que ademais, pola urxencia que teñen, era necesario metelas e ía haber consenso.

Que como xa dixo na xunta de voceiros, se non houbera acordo para metelas no POS+, serían obras que se farían igual con outro plan debido á urxencia e á necesidade.

Que unha das obras é a de Tal e outra é en Esteiro que solucione problemas hidráulicos, con augas pluviais e obras de saneamento e ordenación de superficie. Que con estas obras xa se estaba traballando e que as dúas son para resolver problemas co cal entendían que se incluían ou non no POS había que ir traballando nelas.

Que cre que o xeito correcto é convocar xunta de portavoces, tratar os temas e intentar chegar aos Plenos con algo acordado, non como ten pasado anteriormente que se levaban as obras que do POS ao propio Pleno, vendo os proxectos no propio Pleno e, nalgunha ocasión, incluso se intentou que nin o Pleno aprobara os proxectos do POS.

Continúa dicindo que obrigatoriamente había que votar contas para ver cantos cartos hai que destinar a gasto corrente, pago a provedores e a débeda. Que nese traballo está o departamento de Intervención e que xa dixo que en canto tiveran os números definitivos se lle trasladaría o informe completo coas cantidades exactas.

- Sobre o decreto da prórroga do orzamento non está nos de decembro porque é o primeiro decreto de xaneiro.

- En relación ao patio da escola de San Xosé, tal e como quedaron na reunión que houbera hai tempo na Alcaldía con representantes da ANPA, profesorado e *Anajata*, que a ANPA estivo vendo co departamento de Rehabilitación de Urbanismo como abordar a cuestión do peche. E que a ANPA incluso fixo o traballo de xuntar orzamentos e se está tramitando.

Que ela xa conta co informe de Urbanismo e que fará en breve prazo porque xa está todo practicamente rematado.

- Sobre a documentación do terceiro trimestre que o vai comentar con Intervención.

- Sobre os pasos de peóns de Abelleira que xa se falou do tema no Pleno en varias ocasións, solicitado polo Sr. García ou a Sra. Simal (que non sabe exactamente por cal dos dous), que se solicitou a Estradas o pintado de varios en Abelleira e en Tal e que nos dous casos lles contestaron o mesmo, que as zonas non son o suficientemente urbanas para poñer os pasos e que o que fixeron foi poñer sinais triangulares de perigo que hai peóns. Que foi o máximo que conseguiron.

Que é ben sabido que o Concello non pode pintar pasos de peóns sen autorización de Estradas. Que nalgunha ocasión se fixo e houbo que borrarlos (e non por este goberno).

- Sobre a supresión das clases de informática que foi por cuestións de organización e que están traballando no seu reinicio.
- Sobre o 2º curso de lingua de signos, que aínda non se reincorporou a normalizadora.
- Que van falar co electricista para ver eses problemas de iluminación do Sahorta e coa brigada de obras polo do vao.
- En canto á limpeza de camiños en Torea e Serres así como no resto de parroquias, que agora ao remataren a poda que empezarán cos camiños.
- Sobre os trienios, que o seu recoñecemento supón revisar o expediente de cada un/unha dos/as traballadores/as temporais e que iso é no que se está. Que efectivamente se pagou xa a unha traballadora en decembro e que paulatinamente se irá pagando.
- Sobre as modificacións orzamentarias, que foron necesarias con cartos que quedaron sen gastar para poder cubrir outras facturas e gastos pendentes.

Rogos e Preguntas do PSdeG-PSOE:

A voceira socialista Sra. González di que tamén van empezar cun rogo.

- Que o Grupo Socialista presentou o 18 de xaneiro, coa idea que se levara a este Pleno, unha moción cunha proposición de inversións das últimas subvencións da Deputación da Coruña.

Que acaba de dicir a Sra. alcaldesa que se traen todas as mocións ao Pleno e que é outra mentira máis xa que non é verdade pois estas dúas en concreto, a que presentou o grupo popular e o grupo socialista non están neste Pleno. E as que presentaron o grupo socialista en anteriores ocasións tampouco se trouxeron a este Pleno. Unha delas, que non foi ao Pleno anterior e creron que iría a este, a que presentaron na que pedían a dimisión dos tres concelleiros do grupo de goberno por estar imputados e a do voceiro do BNG por estar cumprindo condena de máis dun ano.

Que o que lle interesa neste momento e que se saiba que efectivamente cando o grupo socialista viu que había topógrafos medindo e a alcaldesa non tiña falado con ninguén para acordar cales serían as inversións que se farían con cargo a esa última subvención da Deputación da Coruña, que o que lle foi á cabeza foi que ían quedar outra vez sen esa subvención, como pasou co PAI, e que non podían pasar por iso porque algunha responsabilidade terán tamén os que están na oposición.

Que entón non lle ían consentir a Sra. alcaldesa volver facer con esta subvención o que fixo co PAI, privar á veciñanza de Muros do que é deles. Que por iso se presentaron esas mocións.

Que ao presentaren esas mocións foi o motor para que convocara a xunta de voceiros porque era moi evidente, levar esas mocións ao Pleno e o grupo de goberno sen ningunha proposta e co prazo encima, que o pobo de Muros se ía quedar sen os cartos pola súa incompetencia.

Que o grupo socialista propuxo basicamente o que a xente pide a gritos e que non é verdade que a alcaldesa empezara a medir para facer unhas obras que se ían facer

de todas maneiras, porque non é maxia. Que para facer obras fan falta cartos e que non ten orzamento e preguntalle con qué vai facer as obras que estaba medindo.

Que falou en cincuenta ocasións, algunhas polo concelleiro de Obras, de que se ían facer intervencións importantísimas en saneamento e que na xunta de portavoces non se propuxo ningunha intervención importante para solucionar o problema dos bombeos.

Que como eles teñen responsabilidade e cren que non poden pasar polo mesmo, de que deixe a veciñanza de Muros sen o que é deles como fixo nunha ocasión por un capricho simplemente, que propuxeron para Muros:

- O acondicionamento e recuperación da área do Chalón, consistente na mellora do acceso, recuperación dos lavadoiros e iluminación.
- A continuación da mellora do acceso á igrexa parroquial polo Camiño Novo. Mellora dos vestiarios e do espazo destinado a cantina do campo de fútbol de Muros, Eleuterio Balayo.
- En Louro a construción dunha zona de recollida de lixo na contorna do convento. Que é unha zona que sae na prensa cincuenta veces e na que é moi habitual que haxa moitos vertidos, pese a que ao concelleiro de Medio Ambiente non lle consta. E o acondicionamento da baixada da estrada da Cruz da Pedra, que tamén está intransitable e vai chegar o momento que se terá que pechar e que é unha das estradas que serven de alivio na circunvalación cando a xente vai por arriba ao haber moita circulación no verán na estrada de abaixo.
- En Abelleira que propuxeron a mellora da estrada da Moreira, asfaltado e recollida de pluviais.
- En Serres, a continuación do sumidoiro ata Boa Vista, desde a Rocha porque eles si que apostan polo Medio Ambiente e queren que se recollan as augas e que na medida do posible se deixe de verter á ría. E acondicionamento e recollida de augas do camiño de Baño que vai á Pedriña Alta. Que é un camiño que vai polo medio de Baño, moi utilizado e que está desfeito
- En Torea, o acondicionamento da estrada de Lestón de Abaixo que tamén está en moi malas condicións, con recollida de augas pluviais. E acondicionamento da pista principal do medio do lugar.
- En Tal, a recuperación e acondicionamento do palco da porta da igrexa. Que xa preguntaran na xunta de voceiros se se tiña a disposición os terreos ou polo contrario ten algo a igrexa. Que había que miralo.
- En Esteiro, a mellora do firme e recollida de augas da estrada de Tras da Costa a Esteiro, que é unha obra bastante importante pero tamén necesaria e moi solicitada.
- Que ademais pediron partidas económicas:
 1. Para mellorar o servizo de axuda a domicilio, incrementando tanto as horas de asistencia como o número de auxiliares. Que é unha demanda moi importante do Concello de Muros que actualmente está quedando moi curta e non cumpre coas necesidades que hai.
 2. Para repoñer os uniformes e material de emerxencia do GES, co fin de cumprir as medidas de seguridade recollidas na lei, e que actualmente non cumpren. Que unha das cousas que actualmente non teñen son guantes para ir aos incendios.

3. Para a creación de dúas prazas de Policía Local xa que cren que non se pode consentir a situación que se está a crear, e o pánico que está pasando a xente de Muros porque non haxa policía de noite. Que no punto anterior a alcaldesa dicía que cumpría a lei pero que neste tema hai unha sentenza firme onde aproba unhas quendas e a alcaldesa as está saltando “a la torera”.

Continúa dicindo que na xunta de voceiros chegaron a uns acordos que propuxeron basicamente o PP e eles e que o POS ten un prazo. Se o 24 de febreiro non están os proxectos feitos e enviados e aprobados coa certificación de aprobación do Pleno, que se van quedar sen esa subvención. Que é un risco que están correndo e o grupo socialista ten présa porque se faga, que se celebre un Pleno e se acorde que obras se van incluír.

Que xa o acordaron na xunta de portavoces pero non se fía nada. Que de feito hai acordos plenarios que están sen cumprir. Que necesitan ese acordo plenario para que dea tempo de que os técnicos fagan os proxectos ou as memorias ou a documentación necesaria que pide á Deputación da Coruña e poder presentar para as obras que acordaron.

Que o grupo do BNG, propuxo o Cine París, pero que eles consideran que é unha proposta moi ambiciosa e que non pode ir no POS. Que tería que ser unha partida especial para esa obra. E que non din que non sexa interesante e non se teña que facer pero non no POS xa que non chegaría o orzamento desta subvención para acometer a obra.

- Que hai unha árbore na Rocha (que xa unha veciña llo dixo en varias ocasións ao representante de Medio Ambiente) que hai que podalo porque está causando graves problemas caendo enriba dos tellados das casas. Que hai máis de un ano que unha veciña o leva dicindo e nunca se lle tocou. Polo que roga se tomen as medidas necesarias.

- En Valdexería, na Ponte hai unha grande “escombrera”, pide se tomen medidas para que non se siga vertendo alí.

- Que na marquesiña do Maio, onde para o autobús da escola, os coches pasan a moita velocidade e a veciñanza do Maio piden que se tomen medidas para que non se circule a tanta velocidade, ou ben unhas bandas ou un sinal de limitación de velocidade.

- Que na Moreira tamén hai un montón de vertidos e que tamén hai que facer algo, que os veciños/as protestan porque hai un montón de moscas e está creando grandes dificultades.

- Que hoxe se asinou na Deputación da Coruña o apoio a Mancomunidade de Serra do Barbanza cunha subvención para poder comprar camións novos e solucionar parte da débeda (que é o gran problema da Mancomunidade) e que supoñen que unha vez se compren eses camións novos, con todas as características, se poñerán a funcionar os colectores soterrados.

- Que non saben se convocaron a xunta de seguridade cidadá pero que dende logo que é “*vox populi*” que detrás do *Theatro*, nesa pequena praza que hai é un centro de venda de drogas. Que se ve desde a ventá do Concello e roga que a Policía Local pase por alí, que se avise á xunta local de seguridade cidadá, ao capitán de Noia ou á Garda Civil para tomar medidas porque que ao parecer (que ela non o viu) é moi fácil que haxa incluso menores de idade que concorren a ese sitio.

A Sra. Maneiro Pais pregunta:

- Que no decreto do 2016 -0898 do 12/12/2016, hai un cobro por unha saída dos GES, que non sabe se se cobrou realmente á persoa porque tiñan que cobrarse 15 € de quilometraxe e pon 150.

- Que parece ser que hai poucos efectivos da Policía Local e se deixou rematar o contrato a un dos auxiliares e non se lle prorrogou.

- Que no colexio de Louro, as tapas de pluviais que hai dentro do patio están baixas (que xa llo comentou ao concelleiro do Medio Ambiente) e pregunta se poden ir os de obras levantalas pois supoñen un perigo para os/as nenos/as.

Contestación da Sra. alcaldesa:

- Que con respecto a iso tan alarmista do que fala a portavoz socialista, do PAI, que privaron á veciñanza do que é seu, aclara que o PAI é un préstamo da Deputación, que o Concello ten que devolver.

Se eses cartos se dedican a amortizar débedas cos bancos, entón o Concello aforraría intereses, pero a oposición, sobre todo Partido Popular e Partido Socialista querían que eses cartos se destinaran a obras co que se incrementaría a débeda do Concello. Que entón non é certo que privaran á veciñanza de Muros de nada que era seu.

A Sra. alcaldesa pídelle á voceira socialista que non interrompa.

Insiste en que son cartos que a Deputación lle presta ao Concello e que eles non querían incrementar a débeda.

Que a voceira socialista di que non propuxo nada na xunta de portavoces ao mesmo tempo que se queixa que xa había alguén medindo e facendo levantamentos topográficos.

Aclara que na xunta de portavoces se fixo propostas e que precisamente había obras que coincidían e outras que non, como no caso da obra en Esteiro que a voceira socialista non estaba moito polo labor pero en cambio outros grupos si.

Que se non fixera nada o grupo de goberno no tema do POS, non habería xente medindo por aí obras que sabían que estaban consensuadas nalgún outro Pleno. Pon como exemplo a obra do Cristo de Tal.

- En relación á Policía Local, di que inclúe a contestación á pregunta da Sra. Maneiro sobre o contrato do auxiliar de policía.

Que os auxiliares de policía pódense contratar como máximo seis meses ao ano segundo a Lei de coordinación de policía locais. E que para contratar seis meses ao ano necesitan autorización (ata catro meses sen problema e de catro a seis, con autorización).

Que o que fixeron foi pedir autorización para contratalo ata seis meses. E que xa sabe que co goberno socialista estaba contratado máis tempo pero que era de xeito ilegal, incumprindo a Lei de coordinación da policía locais.

- Que avisarán da “escombreira” en Valdexería e que preguntará qué pasou coa árbore da Rocha, xa que a brigada de obras lle dixo que xa podaran na Rocha.

- Sobre a marquesiña do Maio e os coches que corren moito cando baixan por alí, que foran dous veciños a solicitarlle que tomara medidas e posto que a estrada é da Deputación, que lle solicitaron que se interesara polo tema e mirara de poñer algún elemento que limitara a velocidade. Que a pesar de que hai tempo que se solicitou aínda non tiveron resposta.

Que ao día seguinte vai ir á Deputación asinar ese convenio que a voceira socialista di que se asinou hoxe, pero en realidade a sinatura é ao día seguinte e que vai aproveitar para preguntar polo tema da estrada do Maio e tamén pola de Campo de Cortes a Louro, que ten o mesmo problema coa velocidade dos coches.

- Que comprobará se hai un erro no decreto que di a Sra. Maneiro que se cobra demais no quilometraxe.

- Sobre as tapas pluviais en Louro, que xa está arranxado.

- Sobre o da xunta de seguridade, que ela tamén recibiu queixas por ese problema e que está avisada a Policía Local e a Garda Civil.

A Sra. González di que a Policía Local non sabe nada.

O Sr. García matiza que en relación ao dito sobre os pasos de peóns en Abelleira, que dá igual que fora el ou a concelleira Sra. Simal, que o que fala é o BNG porque sempre que toman unha decisión a toman en nome da asemblea do BNG.

Sobre o tema da estrada do Maio advirte que se poñen uns resaltos a ver como baixan as carrilanas. Que o teñan un pouco de consideración con todo.

Rogos e preguntas do BNG:

- O pasado mes de decembro o Concello de Muros anunciou a convocatoria dun proceso de selección para a elaboración dunha lista de contratación de traballadores/as de limpeza e conserxería.

Dun xeito incompreensible por parte dun goberno municipal que se declara galeguista e por primeira vez no Concello de Muros, as bases que rexerán este proceso aprobáronse cun sistema de selección no que non se prevé ningunha proba que acredite o coñecemento da lingua galega.

Queren saber:

Cal foi o motivo polo que o goberno municipal de Compromiso por Galicia decidiu aprobar un proceso de selección de persoal público do Concello de Muros no que non sexa necesario a acreditación do coñecemento do galego?

No caso de que sexa un erro, Rogan que se anule este procedemento, xa que incumpre a normativa municipal aprobada para o efecto (Regulamento da bolsa municipal de emprego, BOP nº 75 do 2 de abril de 2008).

- Queren saber como está o proxecto de instalación dun repetidor de sinal de TV para as parroquias de Abelleira e Torea en Santa Catalina.

- Queren saber se hai avances nas conversas con Telefónica para dotar de ADSL ás parroquias de Abelleira e Torea.

- Sábese algo da reclamación feita a Costas sobre as obras na illa de Creba?

- Boa parte dos parques deste concello seguen cun mantemento insuficiente, por non falar doutros espazos públicos. Sempre entendemos, e así o reclamamos, que sen planificación será difícil atender a todas as necesidades que os numerosos espazos públicos do Concello requiren. Por iso preguntamos se houbo algún avance durante o 2016 na elaboración do Plan de mantemento xeral que reclamamos en moitas ocasións e que nos indicastes que se estaba traballando nel?

- No Pleno de novembro preguntaron por qué non se abonaran as nocturnidades á brigada de incendios contratada no verán. Teñen algunha resposta?

- Dotouse de iluminación o parque infantil do Artón? Hai avances no arranxo do paseo de Esteiro?

- Teñen entendido que a Esteirana solicitou vestiarios femininos. En que estado se atopa esta solicitude?

Rogos:

- Rogan se poña en marcha a mesa sectorial para a dinamización do casto histórico.

- Rogan que se arranxe a estrada do Ancoradoiro no tramo que vai ata Area Maior porque está intransitable.

- Rogan que se estableza algún sistema de limpeza na zona entre Fontecomido e Godai, xa que nas fins de semana acumúlase moito lixo por motivo do botellón. Algúns anos, cando máis afluencia había alí, era a cuadrilla de limpeza de praias a que se dedicaba a retirar o lixo, pero só está no verán. Se ben entenden que habería que facer un plan de educación cívica para a xuventude (nós cando faciamos botellón alí recollíamos sempre e a agora a xente máis nova perdeu un pouquiño ese hábito e fan do botellón algo máis prexudicial para a veciñanza). Pedimos que se limpe os domingos pola mañá porque o está facendo a veciñanza e tamén que se propoña algún plan de educación cívica.

- Rogan que se senten a negociar os orzamentos do 2017.

-Rogan que o Concello difunda, dentro das súas posibilidades, o acto que organiza a recentemente legalizada organización política “Causa por Galiza” sobre a “Operación Jaro”, que terá lugar o vindeiro venres día 3 ás 20.30 h na Sala Nasmo, e na que un veciño do Concello de Muros, xunto con outros compañeiros detidos nesta inxusta e desproporcionada operación xudicial contra o independentismo galego, nos relatarán a súa experiencia sobre o proceso, as claves políticas deste infame operación, e o momento xudicial e político no que se atopa a coñecida como “Operación Jaro”.

A Sra. alcaldesa contesta:

- Que a estrada do Maio das Carrilanas, xa o tiveron en conta e lle dixeron á Deputación que as medidas que se tomen non prexudiquen a única festa que temos no Concello declarada de interese turístico.

-Sobre as probas de elaboración dunha lista de contratación de traballadores/as de limpeza e conserxería, que as vai revisar porque ela xuraría que si hai proba de galego e se non hai foi un despiste.

Que hoxe mesmo estaban preparando outras e precisamente miraban a proba de galego.

- Sobre o repetidor de TV en Abelleira, que seguen traballando nel e que xa estivo aquí a Secretaría Xeral de Medios facendo as comprobacións.

-Sobre o do ADSL a Sra. alcaldesa pregunta ao concelleiro Sr. Uhía Martínez se está igual e este confirma que si.

- Sobre a reclamación sobre as obras da Creba que tampouco saben nada.

- Sobre os parques públicos, que no Artón e no resto, que están traballando pouco a pouco neles. Que esta semana foron ao parque de Esteiro que está na Alameda a repoñer algunha peza e tamén no do colexio, que a Consellería acondicionou poñendo caucho e o Concello puxo pezas recicladas doutras que había.

Que en zonas deportivas hai pendente de colocar algunhas canastras, redes no Ancoradoiro e en varios sitios.

Que non teñen o plan elaborado pero que están continuamente traballando, pouco a pouco nos parques con actuacións puntuais.

-Que do paseo de Esteiro falou esta semana outra vez co xefe da Demarcación de Costas que lle di que o proxecto está en Madrid e os días 7 e 8 vai estar el en Madrid e que despois desas datas que lle chamaría para dicirlle se había algún avance.

- Sobre os vestiarios da Esteirana, o Sr. Quintela explica que se está valorando unha nova opción pero que ademais hai que buscarlle un encaixe nos orzamentos do Concello para non limitar a posibilidade de actuación da brigada ao longo do ano.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as vinte unha horas e corenta minutos. Dou fe.

O secretario accidental